



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. Núm.- 2021/G007/000014

En Valdoviño, na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do dezaseis de abril do corrente, ten lugar reunión en primeira convocatoria do órgano colexiado meritado, que celebra sesión de carácter extraordinario. Presidida polo sr. alcalde don Alberto González; con asistencia dos/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez. Excusas de asistencia xustificada: Dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaría municipal, dona Carlota González Navarro que da FE do acto.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente polo que o alcalde coma Presidente, declara aberta a sesión, na que se adoptan os seguintes acordos conforme á **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 04.03.21 E 11.03.21.

Sometida a votación as actas das sesións que se din, quedan aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/26.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/26 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3 facturas ascende á cantidade de TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (37.647,39 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 13/04/2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/26 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 37.647,39 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*)”

Presentadas a **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA PROGRAMAR ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA SOBRE A BASE DO CATÁLOGO “LER CONTA MOITO 2021”.-

Proposta de Alcadia:

“Vista a *ORDE do 9 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT236A)* publicadas no DOG núm. 55 de 23 de Marzo de 2021

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para programar actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia sobre a base do catálogo LER CONTA MOITO 2021 de actividades de animación á lectura que a Secretaría Xeral de Cultura pon a disposición ccon tal fin.

Solicítarese un mínimo de dúas actuacións que son as obrigatorias por convocatoria e que son financiadas por este programa ata un 75% tendo que aportar o concello o restante 25%.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.
Valdoviño, 9 de abril de 2021.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a **Xunta de Goberno Local** en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proposto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á área de Cultura do Concello para a tramitación da solicitude e ao departamento de servizos económicos.

4º.- PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SOLICITUDE DE ESPECTÁCULOS DENOMINADA “REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA”.-

Proposta da Alcaldía:

“Vistas as *Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2021* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 28 de XOVES 11 de Febreiro de 2021

PROPONSE

Participar en dita convocatoria de solicitude de espectáculos denominada REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA que abrangue os programas de difusión cultural denominados :

ESCENA AO VIVO. Categoría profesional ,

- Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música para concellos

VISIÓNS. Categoría profesional,

- Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos

ALICERCE. Categoría non profesional,

- Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos.

LÍNGUA A ESCENA. Categoría profesional.

- Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos.

O Concello de Valdoviño manifestará tamén na solicitude de participación o interese en tomar parte do remanente xerado na deputación por parte doutros concellos derivado das súas xestión con respecto ao programa de Rede Cultural coa finalidade de, se se dera o caso, ampliar a programación superando o límite económico da achega inicial da Deputación e presentar unha solicitude complementaria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 7 de abril de 2021.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a **Xunta de Goberno Local** en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proposto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados por dita aprobación.

PARTE DE ACTIVIDADE:

5º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.

Asistentes:

Alberto González Fernández- Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Expresa o alcalde que Valdoviño segue en nivel medio-baixo e seguindo as normas de conduta e respecto ás restriccións impostas polas autoridades sanitarias en cada momento.

Tratados os asuntos da Orde do Día e sen que ademáis poida figurar ningún outro polo carácter da sesión, cando son as nove horas e cincuenta e oito minutos, queda levantada polo Presidente. Estendese a presente acta , que coma Secretaria, CERTIFICO.

Documento asinado electrónicamente na marxe do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde.